



12

Obxectivos desta unidade

Expresar propósitos e intencións en relación co futuro próximo

Contratar servizos e facer reservas

Describir lugares

Pedir e ofrecer información sobre acontecementos e experiencias

E ti, vés ou quedas?

Coñecemento do código

Fauna e flora

O futuro de indicativo da CI, CII, CIII

Perífrase IR + INFINITIVO

Outras formas de afirmación e negación

Aproximación á fonética sintáctica



ACTIVIDADE INTRODUTORIA

1. MAR OU MONTAÑA?



A. Este ano o Día de Galicia cae en venres, así que hai unha fin de semana estupenda! Esta é a conversa entre Berta e Luís falando do que van facer eses 3 días. Escóitaa con atención.



B. Xa sabes o que van facer Luís e Berta? Indica que oracións son correctas e cales falsas. Entre toda a clase, seriades capaces de engadirlle algún dato máis á listaxe? Se é preciso, escoitade de novo o diálogo.

Berta...	Luís e a súa muller...
• vai comer fanecas	• van durmir nun albergue
• vai facer unha ruta polos museos da vila	• van coñecer moita xente
• vaíse aloxar nun hotel	• van montar a cabalo
• vai ir á costa atlántica	• van ir á montaña
• vai estar nun balneario	• van visitar o Courel
• vai xogar na praia	• vanse bañar no río
• vaíse poñer moi morena	• van saír de movida

Para expresar plans ou accións futuras a forma máis común en contextos coloquiais é a perífrase **ir + infinitivo**. Fíxate nos exemplos da actividade 1.



C. E vós que preferides, a fin de semana de Berta ou a de Luís? Gústavos máis a costa ou o interior? Por que?



GRAMÁTICA E LÉXICO: PRÁCTICAS GUIADAS

2. Berta descubriu que en Foz están de festa o 25 de xullo. Mira o cartel dos festexos.



A. Ademais de expresar futuridade coa perífrase *ir + infinitivo*, tamén podemos facelo co tempo verbal de *futuro*, aínda que esta última forma é máis propia da linguaxe escrita e de contextos formais.

No programa das festas de Foz os verbos están en futuro. Pódolos agrupar segundo sexan da 1ª, 2ª ou 3ª conjugación?

-AR (1ª conjugación)	
-ER (2ª conjugación)	Fará (de facer)
-IR (3ª conjugación)	

FESTAS NA HONRA DO SANTO IAGO
FOZ VENRES 25 DE XULLO

Ás 9 da mañá espertarase a veciñanza cunha
GRAN TIRADA DE FOGUETES
 que marcará o inicio da festa

Dende as 10 ata as 8 haberá misas rezadas cada hora

Ás 11 sairán os xigantes polas rúas da vila

Ao mediodía **DESGUSTAREMOS AS EMPANADAS DE MILLO**
 típicas da zona e o xurado elixirá a gañadora

Á unha celebrarase a misa solemne na honra do Santo Iago e
 na sesión vermú actuará o **GRUPO DE GAITAS E BAILE**

LEÑA VERDE

Á tarde, gozaremos con xogos populares para grandes e pequenos no Campo da Insua

Ás sete entregarase o **PREMIO AO AVÓ E Á AVOA DE FOZ**
 A verbena correrá a cargo da orquestra

PARÍS DE NOIA

Ás 12 da noite haberá fogos artificiais

Ao remate do espectáculo de luces sairá a Meiga Focense, que fará unha gran queimada para todos e todas (será de balde)

Espectáculos HENRIQUE
 27700 RIBADEO (LUGO) ORQUESTAS E CONXUNTOS TEL: 982 772 222 MÓBIL: 659 223 556

FÍXATE: as terminacións verbais dos tempos de futuro son as mesmas para as tres conjugacións. Completa ti o cadro.

-AR (CI)	-ER (CII)	-IR (CIII)
-Viaxarei	-	-
-Viaxarás	-	-
-	-	-Durmirá
-Viaxaremos	-	-
-Viaxaredes	-	-
-	Coñecerán	-



B. E no lugar onde vives ti, como celebrades as festas?

Aseméllanse aos festexos de Foz?

Escribe unha listaxe con seis cousas que tes pensado facer nas vindeiras festas ou vacacións. A continuación, en parellas, comparádeas. Coincidides en algo ou tedes vidas moi diferentes?

Voume disfrazar para participar na representación do desembarque viquingo.

Imos xogar un partido de fútbol entre as mulleres da miña parroquia e as da vila do lado.

Imos facer unha viaxe por América do Sur.

Vou ir de cámping cos meus pais.

3. Na conversa de Berta e Luís aparecen algúns nomes de animais. Transcribímosche os anacos en que saen para que che sexa máis doado localizalos.

“...Mira que che gusta o sol, es coma os lagartos!”

“...Non aturo os bichos, sobre todo os mosquitos!”

“...montaremos a cabalo.”

“—Que noxo! No río pode haber cobras e... sabe deus que outros animais!

—Vaia, e na praia tedes fanecas bravas, que as cobras aínda escapan pero... as picaduras deses peixes son criminais! Ou igual te peteira unha gaivota famenta, hahaha!”



A. Coñécelos todos? Sabes o nome en galego dalgún outro animal? Primeiro anota nun papel aqueles que saibas e logo expoñédeos en común. Podedes organizalos así:

ANIMAIS

Mamíferos: cabalo,

Paxaros: gaivota,

Peixes: faneca brava,


Réptiles: lagarto,

Insectos: mosquito,



B. Cantos de vós tedes animais na casa? Cales?

Completa a enumeración anterior con eles. Pregúntalle á túa profesora ou profesor se non sabes o nome do animal en galego.



4. PLANEAMOS UNHA VIAXE

Estades a piques de rematar o curso de galego e, como hai tan bo ambiente na clase, decidistes organizar unha escapada de 4 días á vila de Allariz.

A. Antes de nada contactastes coa axencia *Viaxe connosco* para pedirlle información sobre o desprazamento de Santiago a Allariz e viceversa. Este é o fax que vos enviou.

	Viaxe connosco axencia de viaxe	Ponte Nafonso, s/n 17689 Ames Tfno.: 981356788 Fax.: 981135789	
	MENSAXE POR FAX		
NÚM. FAX: 981 987 666		DATA: 15-05-2008	
DIRIXIDO A: Amalia Rúa Crego, profesora do curso de galego DE: Manolo Pampín, director da axencia <i>Viaxe connosco</i> Núm. páxinas: 1 Estimada cliente: Poñémonos en contacto con vostede e co seu alumnado para lles achegarmos os horarios requiridos.			
SANTIAGO-OURENSE			
TIPO DE TREN Rexional Rexional R-598	SAÍDA 06:45 07:12 20:28	CHEGADA 08:39 09:02 22:00	FRECUENCIA De luns a venres De martes a sábado Todos os días
OURENSE-SANTIAGO			
R-598 Rexional Rexional	07:01 20:17 21:39	08:31 22:08 23:31	Todos os días De luns a venres, agás xoves De martes a sábado
AUTOBÚS OURENSE-ALLARIZ / ALLARIZ-OURENSE			
Saen autobuses dos dous lugares cada hora, dende as 9:00 ata as 21:00. A duración do traxecto é de 30 minutos.			
Un saúdo, Manolo Pampín, director de <i>Viaxe connosco</i>			

B. Tendo en conta que ides facer a viaxe de luns a xoves, e que o luns ás 10:30 xa tedes concertada unha visita na vila allaricense, debes enviarlle un fax de volta á axencia sinalando os días e os horarios que vos interesan e pedíndolle o presuposto.

MENSAXE POR FAX

NÚM. FAX: 981135780

PARA:

EMPRESA:


ASUNTO:

DE:

DATA:

NÚM. PÁXINAS:

C. Este é un rueiro de Allariz con información sobre a vila.



SERVIZOS XERAIS

1. CONCELLO. POLICÍA LOCAL. XUGALDO P2Z
2. OFICINA DE INFORMACIÓN E TURISMO - 3B
3. OFICINA DE REHABILITACIÓN - 4C
4. AXENCIA DESENVOLVEMENTO LOCAL - 3C
SERVIZOS SOCIAIS - 3C
5. CASA DE CULTURA. BIBLIOTECA - 3E
6. PAVILLÓN MUNICIPAL DEPORTES - 3E
7. CENTRO EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA - 3E
8. INSTITUTO DE ENSINANZA SECUNDARIA - 4C
9. FARMACIA (2) - 3C-4D
10. CENTRO DE SAÚDE - 4B
11. ESTACIÓN DE AUTOBUSES - 4C
12. OFICINA DE CORREOS - 4B
13. REGISTRO DA PROPIEDAD - NOTARÍA - 3D
14. PISCINA CLIMATIZADA / EXTERIOR - 2B
15. EMBARCADOIRO RÍO ARNOIA - 3B
16. CENTRO CÍVICO "A FÁBRICA". EXPOSICIÓN - 3B
17. GARDA CIVIL - 5D
18. ALBERGUE SALESIANOS - 3D
19. TANATORIO - 5A
20. GARDARÍA INFANTIL - 4C
21. FUNDACIÓN RAMÓN GONZÁLEZ FERREIRO - 2G
ESCOLA DE DESEÑO - 2G

PATRIMONIO-MUSEOS

1. MUSEO "MUÑO DO BURATO" - 3B
2. MUSEO DO TECIDO "O FIADEIRO" - 3B
3. MUSEO DO COIRO "FAMILIA NOGUEIRAS" - 4B
4. MUSEO ICONOGRÁFICO "FUNDACIÓN ASER SEARA" - 3B
5. MUSEO GALEGO DO XOQUETE¹ - 3C
6. CASA-MUSEO DE VICENTE RISCO¹ - 3B
7. CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MODA - 3C
PAZO CASTRO OXEA - 3C
8. CONVENTO SANTA CLARA. MUSEO DE ARTE SACRA² - 4D
9. IGREXA DE SANTIAGO - 3C
10. IGREXA DE SANTA MARÍA DE VILANOVA - 2B
11. IGREXA DE SANTO ESTEVO - 3C
12. IGREXA DE SAN PEDRO - 4C
13. IGREXA DE SAN BIEITO - 4D
14. PONTE ROMÁNICA - 2B
15. O CASTELO - 3C
16. PARTES VISÍBEIS DA MURALLA (3) - 3D-4C
17. A PANEIRA - 3C
18. BALCÓN DE AMOEIRO - 3B
19. CRUCEIROS - 2B-3A-4D

PRAIAS FLUVIAIS
ÁREAS RECREATIVAS

1. ALAMEDA DO ARNADO - 3B
2. PARQUE DO PORTOVELLO - 3B
3. PRAIA FLUVIAL DO ARNADO - 1B
4. ÁREA RECREATIVA DE VILANOVA - 2B
5. PASEOS DO ARNOIA - 4B-3B-2B-2C-2D
6. PRAIA FLUVIAL DA ACEARRICA - 2E
7. CAMPO DA FEIRA "A BARREIRA" - 4D
8. ECOSPACIO "O REXO" - 2G
9. PRAIA FLUVIAL DO CÁMPING E DO BRINÁL - 5A

HOSPEDAXES - RESTAURACIÓN

1. HOSTAL RESTAURANTE "ALARICO" - 5D
2. CASA RURAL "AUGAS SANTAS" - 1B
3. CASA RURAL MUÑO E CASA DO BRINÁL - 5A
4. CÁMPING "OS INVERNADEIROS" - BUNGALOWS - 5A
5. HOSTAL RESTAURANTE "LIMIA" - 2F
6. POUXADA RESTAURANTE TORRE LOMBARDA - 4B
7. PENSIÓN R.*** RESTAURANTE "PALLABARRO" - 4B
8. HOTEL** "O PORTELO RURAL" - 3C
9. HOSTAL RESTAURANTE "O MIRADOR" - 2F
10. CASA RURAL RESTAURANTE "VILABOIA" - 2G
11. RESTAURANTE MUÑO ACEA DA COSTA - 4B
12. RESTAURANTE "ARCO DA VELLA" - 3D
13. RESTAURANTE GRELLADA "BELAVISTA" - 1F
14. RESTAURANTE "CASA FANDIÑO" - 3C
15. RESTAURANTE "PORTA DA VILA" - 4B
16. RESTAURANTE BODEGÓN "PORTOVELLO" - 4B
17. RESTAURANTE GRELLADA "RINCON D'ARQUETA" - 5E
18. RESTAURANTE MUSEO "VILANOVA" - 2B
19. CASA RURAL "A PALLEIRA" - 3A

¹ O horario dos museos é de 10 a 13 e de 16 a 20, excepto o "Museo dos xoquetes" que só abre de mañá e a "Casa-Museo Vicente Risco" que ten horario de tarde.

² O convento de Santa Clara só abre ao público de 12 a 14.



Observando o plano e os datos que o acompañan, en grupos de tres, debedes completar esta folla da axenda coas actividades que ides realizar ao longo dos catro días. Algunhas xa aparecen sinaladas. Tede en conta que:

- Ides visitar os seis museos da vila, dous edificios relixiosos e mais o museo das clarisas.
- Tedes medio día para pasear polos parques e para ir á praia fluvial.
- Dispoñedes de dúas tardes libres en que podedes facer o que máis vos apeteza.
- Cada día xantaredes e cearedes nun restaurante diferente. Procurade que estea na zona pola que ides andar.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
4	5	6	7
8		8	
9		9	
10		10	
11		11	
12		12	
13		13	
14		14	
15		15	
16		16	
17		17	
18		18	
19		19	
20		20	
21			
22			
23			
24			
25			
26			
27			
28			
29			
30			

Handwritten notes on the calendar:

- On LUNS 4: 10.30 - visita Guiada p/ a cidade
- On LUNS 21: 21. Ceas...



D. Logo de consultardes na páxina de *Turgalicia* a sección “Onde aloxarse”, as propostas máis votadas foron as catro que aparecen deseguido. Agora debedes escoller a que vos pareza máis axeitada para pasar eses días na vila ourensá. Primeiro faládeo en parellas para despois resolvelo entre todo o grupo. Non esquezaades a xustificación da vosa escolla.

O Portelo Rural

Hotel

Hotel Residencia 2 estrelas

Data de construción: 1900


Data última remodelación: 1999



Localización

Teléfono: 988440740 / 606943530 | Fax: 988441490 | Provincia: OURENSE | Comarca: ALLARIZ-MACEDA | Concello: ALLARIZ | Parroquia: Allariz (Santiago) | Lugar: Allariz | Rúa: Portelo, 20 | C.P.: 32660 | e-mail do recurso: hoteloportelo@allariz.com

Fotografías



Fotografías circulares panorámicas

Panorámica 1

Panorámica 2

Panorámica 3

Panorámica 4

Período de funcionamento

01/01/2008 - 31/12/2008

Núm. de cuartos:

13

Cuartos - Prezos orientativos día. (I.V.E. 7% incluído)

	Prezo máximo	Prezo mínimo	Temporada	Observacións
Dobre con baño	55 €	47 €		
Simple con baño	44 €	38 €		

Réximes

	Prezo	Temporada	Observacións
Almorzo	4 €		

Servizos

Acceso minusválidos | Admite cans | Admite tarxetas de crédito | Aluguer de bicicletas | Antena parabólica | Ascensor | Ascensor acces. entre plantas | Bar cafetería | Calefacción central | Calefacción individual | Cuartos con salón-suites | Edificio histórico | Espazo reservado fumadores | Garaxe de pago | Internet | Sala de reunións | Salón de convencións | Secador de cabelo nos cuartos | Servizo de fax | Sitio céntrico | Sitio pintoresco | Teléfono nos cuartos | Televisión nos cuartos | Xardín terraza

A Rosa Castelá

Pensións

Pensión Residencia 3 Estrelas


Data de construción: 1850

Data última remodelación: 2006

Localización

Teléfono: 988441392 | Provincia: OURENSE | Comarca: ALLARIZ-MACEDA | Concello: ALLARIZ | Parroquia: Allariz (Santiago) | Lugar: Allariz | Rúa: Lobarriñas, 15 | C.P.: 32660 | Enderezo web do recurso: <http://www.rosacastela.com> | e-mail do recurso: reservas@rosacastela.com

Fotografías



Período de funcionamento

01/01/2008 - 31/12/2008

Núm. de cuartos:

5

Cuartos - Prezos orientativos día. (I.V.E. 7% incluído)

	Prezo máximo	Prezo mínimo	Temporada	Observacións
Dobre con baño	53,5 €	48,15 €		
Dobre ducha/lavabo	53,15 €	48,15 €		

Réximes

	Prezo	Temporada	Observacións
Almorzo	3,75 €		

Servizos

Admite cans | Admite tarxetas de crédito | Calefacción central | Calefacción individual | Internet | Internet nos cuartos | Sitio céntrico | Televisión nos cuartos

Casa das Augas Santas

Casa de turismo rural

Grupo-B (Casa de Aldea) - Compartido



Localización

Teléfono: 988442150 | Fax: 988442150 | Provincia: OURENSE | Comarca: ALLARIZ-MACEDA | Concello: ALLARIZ | Parroquia: Augas Santas (Santa Mariña) | Lugar: Sta. Mariña de Augas Santas | C.P.: 32660 | Enderezo web do recurso: <http://www.augassantas.com> | e-mail do recurso: marinasanta@msn.com

Fotografías



Temporadas

DV [Calendario de días verdes](#)

Período de funcionamento

01/01/2008 - 31/12/2008

Número de cuartos

6 Dobre con baño

Cuartos - Prezos orientativos día. (I.V.E. 7% incluído)

	Prezo	Temporada	Observacións
Cama supletoria	19,26 €	Días brancos	
	15,41 €	Días verdes	
Dobre con baño	80,25 €	Días brancos	
	64,2 €	Días verdes	

Réximes

	Prezo	Temporada	Observacións
Cea	16,05 €		
Almorzo bufete			

Servizos

Acéptase "Carné Más" | Acéptase "Carné Xove" | Actividades de artesanía | Actividades guiadas | Admisión animais (consultar) | Agricultura ecolóxica | Berce | Biblioteca | Camas supletorias | Comedor | Conxunto etnográfico | Fálase francés | Fálase inglés | Fálase italiano | Fumar en zonas restrinxidas | Grella | l. accesibles a minusválidos | Instalacións para nenos | Lavado roupa clientes | Reunións directivos | Salón estar | Tarefas agropecuarias | Tarxetas crédito (consultar) | Televisión común | Tenda produtos artesanais | Xardín | Horta | Xogos de mesa

Servizos a menos de 20 kms

Actividade equestre | Balneario | Caza menor | Pesca fluvial | Piscina climatizada | Praia fluvial | Ferrocarril

Os Invernadeiros

Cámping

Cámping de 1ª Categoría

Localización

Teléfono: 988440126 | Fax: 988442006 | Provincia: OURENSE | Comarca: ALLARIZ-MACEDA | Concello: ALLARIZ | Parroquia: Allariz (Santo Estevo) | Rúa: Ctra. Allariz-Celanova, Km 3 | C.P.: 32660 | Enderezo web do recurso: <http://www.campingsonline.com/invernadeiros> | e-mail do recurso: reatur@allariz.com

Capacidade:

138 Prazas

Concepto - Prezos orientativos día. (I.V.E. 7% incluído)

	Prezo máximo	Prezo mínimo	Temporada	Observacións
Adulto				
Autocar				
Automóbil				
Caravana				
Coche-cama				
Electricidade				
Moto				
Neno				
Tenda colectiva				
Tenda individual				

Servizos

Accesible autos | Accesible bus | Accesible caravanas | Accesible motos | Admisión animais de compañía | Admite tarxetas de crédito | Arboredo | Arboredo caducifolio | Bar-cafetería | Beira río-lago | Bungalows | Caixa de correos | Chan de herba | Duchas de auga quente | Enerxía eléctrica | Lavandería | Parque infantil | Paseos a cabalo | Ping-pong | Restaurante | Supermercado | Teléfono | Zonas verdes

Distancia a lugares relevantes

Estación de autobuses: 2 | Estación de tren: 15 | Aeroporto: 144 | A Coruña: 200 | Santiago: 134 | Ferrol: 203 | Lugo: 122 | Ourense: 23 | Pontevedra: 122 | Vigo: 120

E. Agora que xa sabes onde vos aloxades, soamente queda cubrir os datos e enviar a solicitude. Alén das datas, debes indicar cantos sodes e especificar que queredes almorzo. Tamén tes que preguntar se podedes deixar a equipaxe ata a hora de marchar.

TURGALICIA RESERVAS ALOXAMENTO

NOME DO ESTABLECEMENTO:

LOCALIDADE:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

PROVINCIA:

MENSAXE

ENVIAR SOLICITUDE

BORRAR SOLICITUDE

5. Sabías que en 2005 a UNESCO declarou Reserva da Biosfera a Área de Allariz? Esta declaración é moi importante tanto para a defensa do patrimonio cultural da zona coma para a conservación da fauna e da flora.

E falando da flora, imos poñer a proba os teus coñecementos nesta materia mediante un test. A ver quen fai un pleno!



Que árbore é símbolo da paz e da cidade de Vigo?

- ☐ carballo
- ☐ castiñeiro
- ☐ oliveira

Sabes cal destes nomes de árbore é tamén un apelido moi frecuente en Galicia?

- ☐ eucalipto
- ☐ pereira
- ☐ bidueiro

Cal é o arbusto que “incumpre” unha regra ortográfica do galego?

- ☐ acívro
- ☐ vimbio
- ☐ silveira

Que flor non aparece nas imaxes?

- ☐ a mimosa
- ☐ a rosa
- ☐ a margarida

Cal non é unha herba aromática?

- ☐ o romeu
- ☐ o piñeiro
- ☐ o ourego

Quen ten a culpa de moitas alerxias?

- ☐ as follas
- ☐ o pole
- ☐ as pólas

Seica dá boa sorte se atopas un de catro follas...

- ☐ o cacto
- ☐ o trevo
- ☐ o tomiño

Aínda que sabe de marabilla nos revoltos, mellor que non estea en contacto coa pel...

- ☐ a ortiga
- ☐ o loureiro
- ☐ o perexil

Nunha tenda de lambetadas podemos mercar...

- ☐ menta
- ☐ macela
- ☐ regalicia

Unha fraga é...

- ☐ unha árbore
- ☐ un bosque
- ☐ un arbusto

Cal é a flor?

- ☐ o toxo
- ☐ a xesta
- ☐ a chorima





FONÉTICA E ORTOGRAFÍA



6. Escoita con atención as oracións seguintes e fíxate na pronuncia das palabras subliñadas. Logo practica ti.

- Polas noites, as pólas da camelia éñchense de paxariños.
- Non ves que vés mollado de arriba a abaixo?
- Nós non fomos nos primeiros días e xa non había tanta xente.
- O verán pasado subiron ao Pindo.
- O autobús que sae agora para Boiro para en Rianxo?
- Gustoulles máis a de Raquel ca a de Maruxa.
- Co barullo que hai non entendo o que din os do fondo.
- Coa cativa no colo e cos paraugas na man, non podo levar as mesmas bolsas ca os demais!
- Vas ir a fin de semana á Feira do Queixo de Arzúa?
- Isto non é o que che pedín. Así non o quero.



7. Deseguido vas escoitar a mensaxe que lle deixou Irimia ao seu fillo no contestador cos recados que ten que facer. Es capaz de tomar nota de todo?



GALEGO EN ACCIÓN

8. A empresa de tempo libre *Ourense aventura* púxose en contacto con vós para ofrecervos algunha alternativa durante a vosa estadía en Allariz. Ao terdes dúas tardes libres, decidistes botarlles unha ollada ás propostas.



Ides manter unha conversa en que o/a estudante A vai ser un axente publicitario da empresa *Ourense aventura* e o/a estudante B será quen coordine a viaxe a Ourense.

ESTUDANTE A	ESTUDANTE B	ESTUDANTE B
Rutas a cabalo (Allariz) Percorridos: ribeira do río Arnoia / montes da zona Recomendacións: pantalón longo, calzado con sola non dentada Horario: de 16:00 a 20:00 Duración da actividade: 2 horas Prezo: 20 euros Outros servizos: Posibilidade de iniciación a hípica no picadeiro (10 euros hora)	Termas As Chavasqueiras (Ourense) Circuíto termal: 3 pozas de auga quente, jacuzzi, sauna Outros servizos: masaxes, cafetería Indicacións: reuma, artrose, vías respiratorias Horario: de 11:00 a 23:00 Duración da actividade: 1h 45 min Prezo: 4 euros (non inclúe masaxes nin servizo bar) Traslados desde Allariz a Ourense e viceversa (consultar prezo)	ESTUDANTE B Preguntar por: - servizos que ofrece <i>Ourense Aventura</i> - horario - duración - prezo Indicar: - número de persoas - tempo dispoñible do grupo para as actividades - presuposto Reservar un dos servizos

9. VAI DE EXPERIENCIAS



A. Lembras a conversa do principio da unidade entre Berta e Luís sobre o que van facer na ponte do 25 de xullo? Como pensas que transcorreu a fin de semana de cada un? Comentádeo por parellas a ver se acertades.

Berta queimou as costas porque quedou durmida mentres tomaba o sol.
No Courel, Luís bañouse no río e unha cobra picouno nunha deda.

.....

.....

.....

.....

.....



B. E velaquí a charla entre Luís e Berta nun faladoiro comentado as súas experiencias no Courel e en Foz. Quen da clase atinou en algo do que lles ocorreu a estes dous amigos nos respectivos destinos?

Windows Live Messenger Beta

BERTA (conectado)

BOLBO

—Ei Luís, andas por aí?

—Si. Que tal Berta? Quedaches cansa da fin de semana?

—Quedei! Do que non me cansei foi do sol, que nin se asomou.

—Vaia! Non puideches tomar o sol?

—Nada de nada. E ti que, xa estás máis relaxado? Desconectaches?

—Desconectei pero... resulta que coincidimos cunha excursión de estranxeiros da nosa idade e... non tivemos parada nin polo día nin pola noite! Moi ben o pasamos con eles! Xa verás as fotos...

—Mira ti o que non quería marcha! Ao final houbo máis movida no medio da montaña ca en Foz!

—Non me fales! Iamos para a cama tardísimo e erguíámonos cedo para aproveitar o día... Fixemos rutas a cabalo, sendeirismo, visitamos as pallozas... Agora precisaba uns días para descansar, hahaha! E ti, fuches a Asturias?

—Fun, e como en Foz estaba anubrado e non podía ir á praia, estiven alá o sábado e mais o domingo.

—Así que de sidras, non?

—Si, as miñas amigas leváronme de ruta pola súa cidade, xa te podes facer unha idea! Eu creo que entre tendas, bares e pubs... debemos entrar nuns 20 ou 30 locais durante o sábado e o domingo!!!

—Que tolas estades! Por certo, sabes o que me pasou nunha das rutas?

—Vai ti a saber!, atacoute unha tribo de bichos?

—Diso nada... esvarei e caín a un regato, púxenme coma un pito!

—hahaha!!! Eu ríome pero... tamén tiven un pequeno contratempo...

—Non che pasaría nada co coche, coma sempre?

—Pasou, pasou... como me coñeces! Quede sen combustible de camiño a Asturias....

—Outra vez Berta???

—Mira, téñote que deixar que chaman ao timbre. Quedamos mañá para tomar un café ás 4?

—Perfecto. No 'Cafeciño'?

—De acordo.

.....



C. Para respondermos unha pregunta, ademais de contestar SI ou NON temos outras posibilidades. Revisa o diálogo entre Berta e Luís e fíxate nas estruturas que empregan. Comentádeo coa axuda do profesor ou profesora.



D. Imos retomar a actividade 2.B. Xuntádevos coa persoa coa que realizastes aquela tarefa e preguntádevos polas festas e vacacións que describiades ao principio da unidade.

Ex: **Voume disfrazar** para colaborar na representación do desembarco viquingo.

-Disfrazácheste de viquingo?

RESPOSTA AFIRMATIVA: - Si / disfracei / claro...

Imos xogar un partido de fútbol entre as mulleres da miña parroquia e as da vila do lado.

-Xogastes o partido de fútbol?

RESPOSTA NEGATIVA: -Nada, ao final choveu / non / ca...

10. Esta é a bitácora de Tucho, un historiador galego que xa leva varios anos vivindo en Valencia. Gústalle moito viaxar e, sempre que pode, volve á súa terra. Cada vez que coñece un lugar novo conta aquí as súas impresións.

A. Sabes onde estivo desta volta?

[BUSCAR BLOG](#)
[MARCAR BLOG](#)
[Seguinte blog>](#)

BITÁCORA DE TUCHO

8.4.08

Blogs e wiquis

Amigos e amigas, quedei abraiado coa miña última visita a Galiza! Esta vila é unha auténtica xoia medieval que se conserva moi ben. Afondarei un pouco na súa historia (os que seguides esta bitácora xa sabedes que é o meu forte!).

Este lugar estivo unido ao poder dende o seu nacemento, de feito, a orixe do seu nome está no rei suevo Alarico, que foi o encargado de repoboar estas terras no século VI. Ao longo da Idade Media foi en distintas ocasións capital do reino de Galiza e nela estivo a corte de Castela. No seu núcleo estaba a corte literaria que, creada por Afonso X "o Sabio" (criado de neno na vila), recompilou as Cantigas de Santa María.

Pero, co avance da reconquista, o poder real foise afastando de Galicia cara ao Sur e a vila perdeu importancia. Non obstante, a herdanza daquela época chega aos nosos días case perfecta. Os que andades por Ourense non dubidedes en achegarvos. É un lugar moi coidado, pioneiro en intervencións de conservación e rehabilitación do patrimonio (recoñecidas co Premio europeo de urbanismo), coa introdución de boas prácticas da ONU e coa declaración de Reserva da Biosfera en 2005, xunto con outros concellos da comarca.

Se dades un paseo pola vila poderedes gozar tanto coa arquitectura (relixiosa, civil e militar) coma coas fermosas paisaxes do río Arnoia.

Gustáronme moito os museos do Tecido e do coiro e o Muíño do Burato, espazos cos que se recuperan as artes e tradicións do pasado agrícola e artesanal da zona. Por certo, recomendo a cafetería-restaurant que hai neste último museo. Ten unhas vistas impresionantes ao río e a comida é exquisita!

E podería seguir falando desta vila, dos seus amendoados e melindres (que vicio!), da súa contorna pero... déixovos que descubrades vós mesmos o resto. Visitádea, de veras que paga a pena!

QUEN SON EU

TUCHO GARCÍA
HISTORIADOR

[VISUALIZAR O MEU PERFIL COMPLETO](#)

ACHEGAS ÚLTIMAS

[Blogs e wiquis](#)

[Premios da edición en Galicia](#)

["O señor Lúgrís e a negra sombra", Premio da Críti...](#)

[A revolución da tradución](#)

[A Ría somos nós](#)

[Escritoras na RAG](#)

[Industrias culturais a debate](#)

[Xosé María Álvarez Blázquez, WebQuest ESO](#)

[Os Encontros de Bibliotecas Escolares en directo](#)

[Ángela Iglesias Rebollar e José Niebla García](#)



B. É a túa quenda! Tes que describir un lugar que os compañeiros e compañeiras terán que adiviñar. Non llelo poñas moi difícil!



CONTIDO SOCIOCULTURAL

11. ALDEAS FANTASMA



A. Con este título, de que pensas que falaremos nesta sección? Imos ver o fragmento do informativo *Bos días* da Televisión de Galicia a ver se nos aclaran que teñen de particular estas aldeas.



B. E agora, xa sabedes de que se trata? Acontece algo semellante nos vosos lugares de orixe?

C. No vídeo fálase de lugares, parroquias, concellos... Todos son núcleos de poboación pero, sabes que diferenzas hai entre eles?

O CONCELLO é un territorio formado por varias parroquias gobernadas pola corporación municipal, isto é, o alcalde/alcaldesa e os/as concelleiros/as.

O concello de Ortigueira está formado pola vila de Ortigueira e por varias aldeas.

A PARROQUIA é unha división territorial formada por varias aldeas, unha vila ou parte dunha cidade, e que está baixo a dirección dun párroco ou cura.

A parroquia dos Freires, en Ortigueira, conta con 24 aldeas, algunhas abandonadas.

ALDEAS

Cada núcleo pequeno de poboación en que se divide unha parroquia, de carácter rural e con poucos veciños, recibe o nome de ALDEA ou LUGAR.

Ortigueira ten varios centos de aldeas repartidas en 22 parroquias.

VILAS

A VILA é unha entidade de poboación máis pequena ca a cidade e máis grande ca a aldea, que adoita ter un núcleo urbano e ser o centro económico do concello.

Ortigueira é unha vila da costa coruñesa.


CIDADES

Asentamento humano maior ca a vila, cunha elevada densidade de poboación dedicada principalmente ao sector secundario e terciario.

En Galicia temos sete cidades: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago e Ferrol.

Toda a toponimia oficial galega das provincias, parroquias, concellos e lugares aparece recollida no *Nomenclátor de Galicia*. Amais de poder consultalo en papel, podes facelo na internet a través da páxina:

<http://www.xunta.es/toponimia>



D. Na noticia dise que os estranxeiros son a esperanza de futuro para moitas destas aldeas fantasma. E a ti, que solucións se che ocorren? O concello de Ortigueira, a través do proxecto Aldea Ortegalia, traballa na restauración destas aldeas. A última iniciativa para impulsar estas vivendas foi a creación dun concurso de carteis publicitarios. E ti, como vas deseñar o teu cartel?




Certificado
Lingua
Galega

12. Nesta unidade soubemos o que van facer Berta e Luís na fin de semana do Apóstolo, organizamos unha viaxe a Allariz pero... imaxinas como van ser as vacacións do século xxii? Mudarán moito as cousas? Fai unha descrición das viaxes do futuro.

No século xxii viaxarase moito en nave espacial porque os destinos máis concurridos serán Marte e Plutón.



Comprender
Falar
Ler
Escribir

[illegible][illegible][illegible]